

O Arquivo Pacheco,

entreculturas

Postos a buscar sobre que sectores é máis fácil enmascarar decisións agresivas coa escusa da crise, un dos máis propicios é o da cultura.

Sucede agora coa que paraliza o proxecto que está detrás do Arquivo Pacheco que, ocupando apenas uns metros da Casa das Artes viguesa, xa alberga a testemuña visual máis completa da evolución da cidade e das súas xentes ao longo de todo un século.

Despedindo a quen o deseñara e puxera en marcha, un recoñecido investigador e profesional da fotografía, e aos seus colaboradores, a concellalía de Cultura fíreo de morte.



A Casa das Artes, en Vigo, na que está instalado o Arquivo Pacheco. Foto: Pilar Abades

ferido de morte

I O que hoxe coñecemos como Arquivo Pacheco é, en realidade, o resultado dun longo proceso de acumulación fotográfica que, comezando en 1870, se prolonga durante todo un século, obténdose, como resultado final, un produto que abrangue un número de imaxes que se estima poida achegarse ás 150.000. Ese período posúe nomes que convén lembrar. En primeiro lugar, o dos seus fundadores, o italiano de Perugia Filippo Prosperì que, probablemente desexando esquivar a conflitiva situación italiana, decidiu instalarse fóra do seu lugar de orixe. Ao carón del debemos situar a que foi a súa muller, a pontevedresa Cándida Otero, fotógrafa tamén, especializada, segundo as informacións que a prensa da época divulga, no retrato infantil. Actuando como continuadores, unha longa saga de fotógrafos, procedentes do norte portugués, vaise articulando, xa que á morte de Prosperì, acontecida en 1899, a súa viúva estableceu relación comercial cun fotógrafo portugués, chegado a Vigo por volta de 1907, Jaime de Sousa Guedes Pacheco. Coa pasaxe do tempo e á morte de Cándida (1915), será Jaime Pacheco o que se constituía en referente de todo o traballo fotográfico que a galería viguesa chegue a producir. Jaime, nado na localidade portuguesa de Freixo de Espada-à-Cinta, situada na rexión de Trás-os-Montes —e non, como errónea e reiteradamente se acostuma a afirmar, da Serra da Estrela, distante máis de 100 quilómetros de Freixo— traballara en Ourense no estudio do seu irmán José Pacheco, mais o atafegamento que, segundo as súas propias

palabras, lle producía a cidade das Burgas, foi o elemento decisivo de deslocalamento para Vigo.

A estes tres nomes cabería engadir algúns máis. En primeiro lugar os dos seus sobriños, Horacio e César, que traballaron no estudio situado na rúa do Príncipe 31. César levou a cabo traballos de laboratorista, en canto Horacio realizaba tarefas de reportaxe. El será o que documente, xa a partir de 1919, o deporte e outras actividades ou o que fotografe a chegada de Loriga. Peóns fundamentais no estudio serán Llanos ou Amoedo. E a eles habería que sumar os nomes de Jaime e Alberto, fillos de Jaime de Sousa que continuarán o traballo do seu pai. O primeiro, falecido en 1981, será un esteo importante, quer no traballo estritamente fotográfico, de “cazador de imaxes, quer na posta a punto de procedementos de laboratorio ou de montaxe, en canto Alberto de Sousa, aínda vivo, desenvolverá un traballo virado esencialmente ao exterior e ás relacións públicas. O último elo da cadea familiar é Mercedes de Sousa, filla de Jaime, coñecida como Susi Pacheco.

É tan esmagador o traballo realizado polos Pacheco e, probabelmente, era tan forte a personalidade do continuador da saga que Prosperì iniciara, que a súa figura ensombreceu o traballo de todos os demais elementos que axudaron na consecución do Arquivo segundo hoxe o coñecemos. Neste sentido, o nome de Prosperì ficou no esquecemento, até o punto de a información da súa existencia ser por parte da cidadanía case unha cuestión de especialista.

A figura de Prosperì podémola encadrar, sen sombra de dúbida, coma a dun dos grandes fotógrafos da Galiza do século XIX. Malia ser a súa obra conservada de escasa entidade numérica, as referencias indirectas que del posuímos obrígannos a pensar que nos achamos perante un fotógrafo de cualidades inusuais. En primeiro lugar, pola súa cultura —que sospeitamos ampla— dado que informacións académicas o sinalan como tradutor de Shakespeare, ao tempo que nos informan de ser compañeiro de representacións de figuras de primeira liña do espazo teatral: Carolína Santoni ou Adelaida Ristori, serían dous exemplos.

Por outra parte, a figura de Prosperì adquire relevancia polo palmarés que pode exhibir en varios campos. Un é o da concursística. Aínda que hoxe consideremos, con perspectiva do século XXI, que os concursos de fotografía son produto do pasado e supoñan unha estratexia restritiva, limitada e que, de triunfar, conduciría a fotografía a unha rúa cega, o punto de vista, obviamente, ficaba moi distante destes presupostos hai un século e medio. Aceptando, logo, esa visión decimonónica, e no estado actual da investigación fotográfica no noso país, sabemos que Prosperì e Otero constituían unha parella de fotógrafos de primeira liña. Así o proban os seus premios nas Exposicións Rexionais de 1878 e 1880, partillando honra con profesionais recoñecidos como Bocconi, Avrillon ou Chicharro; así o demostra o seu traballo para as revistas de



Á esquerda, Ramón Cabanillas nunha fotografía de 1925. Aquí, Castelao en 1926

tanto interese e de tan impecábel edición como *La Ilustración Gallega y Asturiana*, *La Ilustración Cantábrica* ou *La Ilustración Española y Americana*; así o xustifica que importantes figuras da vida social, como Filiberto Abelardo Díaz, gobernador civil da provincia, entre outros, acudan a se retratar á súa galería. Ese prestixio do estudio, situado sucesivamente nas rúas de Sombreiroiros, Triunfo e Príncipe, recollerano e ampliarano os Pacheco, que levarán a cabo un labor dunha importancia estética e documental extraordinaria. Subliñamos a importancia estética, formal, das imaxes de Pacheco, porque adoito se ten tentado avaliar o seu traballo con simples focaxes documentais, como se se tratar dunha colección de escritos medievais, ou un legado de planos renacentistas, esquecendo que, en fotografía, o mesmo que noutros territorios, forma e contido interactúan dialecticamente e que se Pacheco houbera realizado a súa obra nalgún país de capitalismo avanzado, a súa fotografía tería unha proxección estética da que hoxe care-

ce. Nese sentido, as fotografías do legado Pacheco deben analizarse en primeirísimo lugar como o que en realidade son: fotografías.

II. Sobre esta importante colección converxeu desde a súa adquisición polo Concello de Vigo un conxunto de circunstancias, ás veces inexplicábeis, que xeraron, até día de hoxe, a imposibilidade de cumprimento das condicións estipuladas na venda do legado. Ao longo dos anos, con maior ou menor acerto, con maior ou menor continuidade, sucesivos equipos traballaron no Arquivo. Mais, lexislatura tras lexislatura, a mudanza de responsábeis políticos consecuencia dos resultados electorais, desembocou, de maneira dramática, no cesamento de ditos equipos, e así, nunha permanente reactualización fotográfica do mito de Sísifo, as sucesivas interrupcións conseguiron que nunca se acondicionasen as instalacións para adaptalas ás necesidades técnicas; que nunca se resgardasen as placas de un século de antigüidade en estoxos libres de ácido nin nunhas condicións térmicas e higroscópicas axeitadas; que nunca se convocase, durante

18 anos (até o ano 2009) o Premio Pacheco, que tiña, obrigatoriamente, de ser convocado con periodicidade anual; que nunca se chegase a establecer unha sala de exposicións permanente; que nunca se levaran a cabo, de maneira sistemática, exposicións monográficas nin se publicaran coleccións — como tales coleccións, ou sexa, series coherentes — de libros que exploraran a obra e o legado fotográfico de Prosperí, Otero e Pacheco, obrigas que, ao pé doutras, figuraban en letra impresa o día 24 de maio de 1991, data de sinatura do convenio. O resultado: dúas décadas máis tarde, milleiros de fotografías encóntranse comestas polos fungos, infestadas de baterías, rotas parcial ou totalmente en canto o progreso estragador do Tempo segue a rillar inexorablemente a Historia, a Lembranza, a Arte, a Fotografía, a Cidade. Desde hai vinte anos, o legado fotográfico máis completo do país segue a sufrir a deterioración, perante a irresponsabilidade duns e a indiferenza doutros.

III. En maio de 2007 chega á responsabilidade da concellería de Cultura viguesa Xesús López



Recollida do patexo, 1920

Carreira. Será el quen abra a colección de Pacheco, nese momento fechada, e quen encargue un programa de actuación articulado en varios camiños que atinxan á conservación, preservación e difusión dos fondos fotográficos. No equipo que traballou ininterrompidamente durante máis de 15.000 horas no período comprendido entre o primeiro de xullo de 2008 e 31 de decembro de 2011, concorren unha serie de características que o individualizan. En primeiro lugar, procede integralmente do ámbito da Fotografía e da Imaxe. Nel figura Isabel Llanta-da, unha profesional de primeiro nivel, cunha experiencia de máis de trinta e cinco anos nos campos da maqueta-ción, a dixitalización, o retoque fotográfico, o control da impresión en branco e preto e cor, e en resumo, en toda a ampla área do que hoxe abrangue o laboratorio fotográfico. Xunto a ela se achaban Pilar Abades e Pablo Prado, ambos con formación procedente da Licenciatura de Comunicación Audio-visual e de Imaxe e Son e que, malia a súa xuventude, menos de trinta anos nos dous casos, atesouran unhas cua-

lidades de rigor, creatividade, disciplina, bondade e seriedade verdadeiramente inusuais. Finalmente exerce a dirección unha persoa cuxa tese de doutoramento versou, xustamente, sobre os Pacheco, cuxa produción escrita sobre os mesmos viu a luz en revistas galegas e estranxeiras, e nun libro publicado por unha das editoriais de referencia, en materia de fotografía, do Estado Español e cuxa actividade docente sobre Imaxe e Fotografía se desenvolve na Universidade de Santiago de Compostela.

De maneira resumida, o traballo realizado no período sinalado, 2008—2011, pódese concretar nos seguintes datos obxectivos:

- Actualización do equipamento informático e cambio do sistema PC a Mac
- Ordenación, clasificación e comprobación de 60.000 fotografías que se encontraban desordenadas e que convertían en tarefa titánica a localización de calquera imaxe.
- Posta en marcha do proxecto documental de interacción coa cidadanía *Indagacións*, continuación de *A Galería*, inaugurado na época precedente.

- Exposición virtual de 45.000 fotografías da colección Prosperi-Pacheco ao dispor de persoas investigadoras e público xeral.

- Deseño e realización de bases de datos, dirixidas á documentación e catalogación sistemática.

- Dixitalización de case 12.000 placas fotográficas.

- Documentación e catalogación, no período xullo 2009—decembro de 2011, de máis de 25.000 fotografías. Como dato comparativo dirase que en todo o período anterior —1991 a 2008— non aparecía ningunha imaxe catalogada ou documentada en bases de datos.

- Producción de tres exposicións monográficas —*Mulleres*, *Os anos escuros*, *Cartas de punto maior*— dedicadas respectivamente á muller, o franquismo e o mar, nos 19 meses que van de novembro de 2009 a xuño 2011, resultando unha exposición por semestre.

- Edición de tres libros-axenda, cada un deles con 53 fotografías.

- Edición de dous libros —*Marcas de luz*, *Mulleres*— con amplos textos introdutorios a cargo de especialistas.



Retrato de grupo do ano 1915

que correspondían a outras tantas exposicións, a primeira delas realizáda baixo a responsabilidade do anterior director, Lois Cea.

- Convocatoria do Premio Pacheco, obedecendo a norma do convenio sinalado anteriormente, e cuxo ganador foi Roberto Ribao, coa obra *Vida Gallega. O silandeiro poder da fotografía na prensa*.
- Desenvolvemento do proxecto expositivo *O espello da memoria*, conxunto de fotografías que, montadas en paneis de metacrilato e con información trilingüe galego-español-inglés, se instalaron nos lugares nos que cen anos atrás, Pacheco ou Prospero obtiveran a imaxe, coa intención de a cidadanía comparar o pasado e presente do espazo urbano.
- Recollida de fotografía antiga en fogares particulares, sinaladamente

do século XIX e comezos do XX, de diferentes fotógrafos de Vigo ou do resto do país.

- Asistencia a asociacións veciñais, sociais e culturais, institucións públicas e empresas privadas, medios de comunicación ou particulares que precisasen asesoramento fotográfico técnico ou estético para estudos de corte divulgativo, ou académico tales como teses de doutoramento, libros, artigos ou monografías que atinxían, sinaladamente, o ámbito da Historia, a Socioloxía, o Urbanismo e outras. O número de servizos a proxectos como os sinalados situáase ao redor do centenar.
- Estabelecemento dunha rede de informadores que supera as cen persoas, algunhas delas de extraordinaria lealdade ao proxecto de conexión coa cidadanía que o Arquivo representaba.

Este traballo realizouse, como se sinalou, baixo as perspectivas imperiosas de **preservación** dun fondo en perigo —dixitalización— **documentación** urxente —consulta á cidadanía, que, inexorabelmente, desaparece, levando consigo a información— e **difusión** —libros, exposicións, axendas. E tivo lugar, feito notábel, nun período de crise como Europa non presenciara desde había oito décadas, coas correspondentes restricións orzamentarias.

Esta tarefa debeulle parecer cativa ou irrelevante á concelleira de Cultura viguesa que o 6 de setembro de 2011 cesou o responsábel do Arquivo, deixándoo sen dirección, e o 31 de decembro o resto dos traballadores, procedendo ao feche dunha colección como, probablemente, non existe outra na Galiza. O Mito do Eterno Recomezo instálase de novo entre nós.